

# VIGO NATURAL

## MARZO-ABRIL

LUNS  
28

FESTA DA RECONQUISTA

Baixamar: 04.39/16.59  
Preamar: 10.56/23.15

MARTES  
29

Baixamar: 05.44/18.01  
Preamar: 12.03

MÉRCORES  
30

Baixamar: 06.35/18.48  
Preamar: 00.15/12.50

XOVES  
31

Baixamar: 07.13/19.26  
Preamar: 01.01/13.27

VENRES  
1

Baixamar: 07.47/20.00  
Preamar: 01.38/13.59

SÁBADO  
2

Baixamar: 08.18/20.32  
Preamar: 02.11/14.29

DOMINGO  
3

Baixamar: 08.47/21.02  
Preamar: 02.42/14.57

● Nova

### MARZO

L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

### ABRIL

L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

### MAIO

L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

## Saturno á vista

O 3 de abril Saturno entra en oposición. Este acontecemento prodúcese cando a Terra se encontra entre o Sol e o planeta dos aneis. Agora é o mellor momento para facer a observación de Saturno, xa que ocupa a posición máis próxima á Terra. Trátase dun planeta brillante polo que se recomenda o uso de oculares de distancias focais curtas para ter mellor visibilidade.



## Novo horario do zoo

Vigozoo inaugura o horario de verán.

Ata o mes de outubro, os visitantes poden percorrer as instalacións das 10.00 ás 20.30 horas.

### CERDEIRA XAPONESA

Nas rúas Venezuela, Faisán e Brasil florecen os *prunus serrulata* 'kanzán'

A pomposa flor rosa destas árbores ilumina as rúas e parques onde están plantados. De vistosa intensidade é tamén a súa foliación outonal, de coloración amarela. Coñecida como cerdeira xaponesa ou cerdeira xaponesa florida, considérase unha das árbores de maior valor ornamental. Na actualidade existen unhas **150 especies distintas** desta planta que se leva cultivando con fins ornamentais dende o século XI.




### GABIÁNS NA SERRA DO GALIÑEIRO

No mes de abril a femia e o macho do gabián (*Accipiter nisus*) preparan o seu niño para instalalo nas **árbores do couto cinxético** da serra do Galiñeiro. En ocasións aproveitan os niños abandonados por outras aves nesta zona. Adoitan realizar unha posta de 4 a 6 ovos e, durante o mes que dura a incubación, o macho alimenta a femia que apenas abandona o niño e é a encargada de coidar as crías durante as súas tres primeiras semanas de vida. Despois deste tempo, as crías serán capaces de esmiuzar as presas e ambos os dous proxenitores sairán en busca do seu principal alimento: pequenas aves e insectos.

# 2011

## Camariña en flor

O contorno das **praias de Rodas e Figueiras**, nas **illas Cíes**, é un bo lugar para ver a camariña (*Corema album*), que neste mes empeza a florecer. Este arbusto, considerado en perigo de extinción, ten nas Cíes a segunda maior poboación de Galicia. Pode alcanzar ata un metro de altura e ten follas de cor verde escuro en forma de agullas que se distribúen nunha estrutura moi ramalluda. As flores son vermellas e agrúpanse en cabezas, e os froitos son pequenas bagas, semellantes ás grosellas de cor rosada.



## PAVÓNS

### Comeza a medrarlles a cola

Os machos dos pavóns (*Pavo cristatus*) son uns dos animais que máis curiosidade esperan entre os visitantes máis novos do **zoo** polo despregamento de colorido da súa cola en abano. Do verde ao vermello, as vistosas plumas empezan a adquirir todo o seu esplendor durante este mes, coa chegada da primavera. Trátase dunha ave que descansa sobre as árbores: adoita subir a elas a última hora da tarde. Xeralmente, sempre repite os mesmos sitios.

## BIRRIOS NO RURAL

Os birrios (*Apus apus*) anuncian a primavera nas zonas rurais do municipio. Trátase de aves especialmente adaptadas para o voo. De feito, **pasan a maior parte da súa vida no aire**: comen, dormen e copulan voando. Unicamente se pousan para poñer os ovos, incubalos e criar os seus pitos. Os birrios constrúen os seus niños baixo cornixas e beirís de edificios e casas. Adoitan ser fieis ao lugar de aniñamento; volven a el cada ano e reconstrúeno.



## OS NIÑOS DAS CABRAS

Nas zonas máis profundas da **ría de Vigo** e preto das praias, as cabras (*Serranus cabrilla*) comezan a facer os seus niños nos fondos da area, para a desova. O macho é o encargado de construílo e mesmo de coidar os ovos. A femia pode chegar a poñer ata 1.000 exemplares.

# VIGO NATURAL

## ABRIL

LUNS

4

Baixamar: 09.15/21.32  
Preamar: 03.12/15.25

MARTES

5

Baixamar: 09.43/22.03  
Preamar: 03.41/15.54

MÉRCORES

6

Baixamar: 10.13/22.34  
Preamar: 04.12/16.24

XOVES

7

Baixamar: 10.44/23.09  
Preamar: 04.44/16.56

VENRES

8

Baixamar: 11.18/23.48  
Preamar: 05.20/17.34

SÁBADO

9

Baixamar: 11.59  
Preamar: 06.02/18.18

DOMINGO

10

Baixamar: 00.37/12.51  
Preamar: 06.54/19.16

### MARZO

L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

### ABRIL

L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

### MAIO

L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

# VIGO NATURAL

## ABRIL

LUNS

11

Baixamar: 01.41/14.03  
Preamar: 08.04/20.31

🌑 Crecente

MARTES

12

Baixamar: 03.07/15.33  
Preamar: 09.30/21.56

MÉRCORES

13

Baixamar: 04.30/16.52  
Preamar: 10.48/23.10

XOVES

14

Baixamar: 05.35/17.54  
Preamar: 11.51

VENRES

15

Baixamar: 06.28/18.46  
Preamar: 00.09/12.43

SÁBADO

16

Baixamar: 07.16/19.34  
Preamar: 01.01/13.30

DOMINGO

17

Baixamar: 08.01/20.20  
Preamar: 01.49/14.14

MARZO						
L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

**Pato mandarín****O macho  
vístese de gala**

O pato mandarín (*Aix galericulata*) deixa atrás a súa plumaxe invernal para cambiala por outra moito máis rechamante: un fermoso copepe vermello con reflexos verdes brillantes na cabeza por enriba das dúas franxas brancas aos lados dos ollos; e un peito e gorxa de cores moradas. A femia é menos vistosa e non ten a cola en forma de abano con longas plumas de cores. **Aniña nos ocos dos árbores** e voa velozmente. Foi considerado animal de boa sorte na antiga China.

**CRAVO MARIÑO**

Nas zonas costeiras do municipio florece o cravo mariño (*Armeria maritima*), unha planta medicinal que medra en lugares secos, **areentos** e en **condicións salinas**. Alcanza 10 centímetros de altura e nos meses de primavera e verán produce densos capítulos de pequenas flores que van do branco ao rosa.

**ESGONZO  
IBÉRICO EN CELO**

Nas **illas Cíes**, este réptil está considerado en perigo de extinción. O esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*) é un animal que se atopa a medio camiño entre o lagarto e a serpe, de corpo curto e cuberto de escamas brillantes. Nas illas, o esgonzo comparte hábitat con outros réptiles como a píntega común (*Salamandra salamandra*) e a lagarta (*Podarcis bocagei* e *Podarcis hispanica*), que presentan claras diferenzas coas poboacións continentais veciñas.



# 2011



## Chuvia de estrelas

Preparade os telescopios para a noite do 22 de abril. Nesta data terá lugar unha nova chuvía de estrelas, as Líridas.

## GAIVOTAS NO NÚCLEO URBANO

Os tellados das construcións urbanas son os espazos elixidos por numerosas gaivotas para establecer os seus niños. A proliferación supón un serio problema para veciños e viandantes. De feito, o Concello iniciou unha **campaña** para evitar que estas aves críen nas zonas máis poboadas.



## Ameneiros en flor

Visita ás zonas húmidas

Nas ribeiras dos humedais e marismas, como as do **Vao**, **A Bouza**, ou **Goberna**, así como nas marxes fluviais, empeza a floración dos ameneiros (*Alnus glutinosa*). Vexetación característica de ribeira, o ameneiro presenta follas ovadas e de bordo dentado. As flores agrúpanse en amentos, sendo os masculinos máis alongados ca os femininos. As súas raíces fixan a ribeira e evitan a erosión das marxes, tamén actúan como filtros naturais. A súa cortiza utilízase para curtir o coiro.

# VIGO NATURAL

## ABRIL

LUNS  
18

Baixamar: 08.45/21.05  
Preamar: 02.36/14.58

Chea

MARTES  
19

Baixamar: 09.28/21.51  
Preamar: 03.22/15.42

MÉRCORES  
20

Baixamar: 10.12/22.38  
Preamar: 04.06/16.26

XOVES  
21

*XOVES SANTO*

Baixamar: 10.56/23.26  
Preamar: 04.54/17.12

VENRES  
22

*VENRES SANTO.  
DÍA INTERNACIONAL DA TERRA*

Baixamar: 11.42  
Preamar: 05.43/18.01

SÁBADO  
23

Baixamar: 00.19/12.33  
Preamar: 06.37/18.56

DOMINGO  
24

Baixamar: 01.18/13.35  
Preamar: 07.38/20.00

MARZO						
L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

ABRIL						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

MAIO						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					